



FESTAS DO CRISTO

11 ao 14 de setembro de 2026

O BARCO



SAÚDA DO ALCALDE



Veciñas e veciños do Barco, amigas e amigos de Valdeorras e de tantos outros lugares que nos visitades nestes días tan especiais.

Do 11 ao 15 de setembro, O Barco volverá a vestir as súas mellores galas para celebrar as Festas do Cristo, unha das citas máis esperadas do ano.

É o meu desexo que todos participedes nelas, e que as gocedes en familia e coas amizades, para que sexan unhas festas que transcorran en harmonía recibindo, cos brazos abertos, a todos aqueles que veñan compartir a nosa leducia.

As festas son un momento de reencontro e felicidade compartida, pero tamén de recoñecemento. Quero agradecer a Ricardo Marini, que aceptase ser o pregoeiro destas festas.

Marini é unha referencia do ben facer, da profesionalidade, da atención minuciosa, e do coidado e respecto cara os máis cativos, que viron e seguen a ver nel, o doutor entregado que sempre consegue curarlles as doenzas.

Co obxectivo de levar o gozo e o entretemento ao máximo nivel, este ano, o Concello do Barco ofrece un programa de gran calidade, froito da unión e do esforzo compartido de varias concellerías, que oferta actividades cunha forte aposta no terreo musical, e tamén propostas deportivas xa consolidadas e moi queridas por todos.

Calantornias e cabezudos acompañarán un ano máis á procesión enchendo de cor e ledicia as rúas da nosa vila. Tampouco faltará a tradicional tirada de fogos artificiais que porá o broche final ás festas.

O Cristo é a nosa festa patronal máis grande. A mellor oportunidade para volver e vivilo, para fortalecer os lazos que nos unen, para compartir mesa, risos e lembranzas coas nosas familias e relacións. No nome do Concello do Barco, convido a toda a cidadanía a saír á rúa e vivir intensamente as nosas festas.

Vivan as Festas do Cristo!

AURENTINO ALONSO

Alcalde



RICARDO MARINI, PREGOEIRO DAS FESTAS DO CRISTO



Ricardo Marini, médico pediatra de orixe arxentina, chegou ao Barco de Valdeorras hai case catro décadas, nunha circunstancia case casual que acabaría marcando a súa vida. Aceptou unha oferta para incorporarse ao Hospital Comarcal de Valdeorras e, xunto coa súa familia, decidiu desprazarse dende Buenos Aires para establecerse na vila onde, desde entón, desenvolve a súa traxectoria persoal e profesional.

Durante anos exerceu como pediatra no hospital, atendendo a varias xeracións de familias da comarca e converténdose nun profesional de referencia pola súa dedicación, proximidade e compromiso. Actualmente continúa exercendo a súa profesión no ámbito privado, mantendo intacta a súa vocación e o seu vencello cos pacientes.

Paí de dous fillos e cunha vida estreitamente ligada ao Barco, Marini representa a tantas persoas que, chegadas doutras terras, acabaron facendo desta vila o seu fogar. A súa entrega á medicina e aos seus pacientes, xunto cos máis de trinta anos de vida compartida coa comunidade, fan del unha figura moi querida e recoñecida en Valdeorras.

Por todo isto, Ricardo Marini será o encargado de pronunciar o pregón das Festas do Cristo, dando inicio a uns días de celebración e encontro para toda a veciñanza do Barco. Porque, en definitiva, Marini chegou ao Barco por casualidade. Pero, despois de máis de trinta anos, xa é parte da súa historia.



MARISÚ MIRANDA, AUTORA DO CARTEL

Esta artista valdeorresa leva a súa terra como unha pegada permanente na mirada e na creación. Nacida no Barco de Valdeorras, a súa traxectoria vital e profesional levouna a desenvolver durante máis de tres décadas unha brillante carreira internacional nos Estados Unidos, onde destacou como deseñadora de alta costura, creando pezas exclusivas para destacadas figuras do mundo da moda, do cinema e do espectáculo.

Porén, malia a distancia, Valdeorras nunca deixou de ser o lugar ao que regresar, a paisaxe emocional que alimenta a súa sensibilidade artística. Esa conexión coa súa orixe reflíctese hoxe nunha obra que transcende a moda para converterse nunha homenaxe á identidade, á memoria e ás persoas.

Na actualidade, Marisú Miranda dedica o seu traballo á ilustración artística, unha disciplina na que combina a elegancia do trazo coa expresividade do retrato. As súas creacións destacan pola delicadeza, pola forza narrativa e pola capacidade de captar a esencia de cada rostro. O proxecto *Xente de Valdeorras* representa a máxima



expresión dese vínculo coa súa comarca: unha colección de retratos que celebra as mulleres e os homes que forman parte da alma de Valdeorras, reivindicando o valor da súa xente, da súa cultura e das súas raíces.

A súa obra é, en definitiva, unha ponte entre a experiencia internacional e a identidade local, entre a sofisticación adquirida ao longo dunha carreira de éxito e a emoción de volver á casa para contar, a través da arte, a historia dun pobo que nunca deixou de habitar nela.





PROGRAMA FESTAS DO CRISTO

28 de agosto ao 11 de set. 1 ao 6 de setembro

**Torneo Popular de Tenis
Vila do Barco 2026**



Pista Municipal
de Calabagueiros



Torneo popular de tenis non federado.
Categorías: Individual masculino, individual feminino e dobres absolutos (masculino e feminino).

Inscripcións e máis información no teléfono 665 05 85 15. Organiza: Club de Tenis Raqueta Barco



a det.



Pádel Club,
Polig. A Raña

Torneo popular de pádel, máis información no teléfono 604 01 45 95.

Organiza: Pádel Club Valdeorras



5 e 6 de setembro

Feira de produtos Tradicionais do Eixo Atlántico Galicia e Norte de Portugal



11 a 14 h
17 a 21 h



Praia fluvial
do Malecón



Feira gastronómica na que participan produtores de toda Galicia e do norte de Portugal. Nela poderanse atopar diferentes produtos así como unha pequena mostra de artesanía tradicional.

6 de setembro

IX Edición Memorial Jess Carrera



18:00 h



Pavillón de
Calabagueiros



Coincidindo co 1º partido de fútbol sala de liga (3ª División grupo Castilla/León- Grupo 9º), o equipo Pizarras Los Tres Cuñados F.S. enfrontarase ao C.D. La Bañeza Berarqui F.S., no Pavillón de Calabagueiros.



Xoves 10 de setembro

Inauguración da exposición *Xentes do Barco,* de Marisú Miranda

(Autora do cartel das Festas do Cristo 2026)



20:30 h



Sala de exposicións
Praza do Príncipe



A artista valdeorresa preséntanos a súa obra, unha ponte entre a experiencia internacional e a identidade local, onde nos conta a través da arte, a historia dun pobo que nunca deixou de habitar nela.

Venres 11 de setembro (Día do Pregón)

Circo de rúa. Mezzo (público familiar)



19:30 h



Paseo do
Malecón



MEZZO é un espectáculo itinerante cheo de cor, imaxinación e fantasía co que Pista Catro quere recuperar por un lado o espírito de aventura das novelas de Julio Verne, e por outra banda a estética visual dos circos ambulantes de finais do século XIX e principios do XX.

A intervención nas rúas, a escenografía móbil, os números circenses, os personaxes fantásticos, a música e a interacción co público desfilan xuntas nesta preciosa fábula ambulante.

**Pasarrúas a cargo de
Airiños de Caldelas**



20:30 h



Rúas
do Barco

Airiños de Caldelas é un popular grupo de música tradicional galega fundado en 1988. Este ano serán os encargados de guiar as calantornias dende o Teatro Lauro Olmo á Praza Maior e amenizarán os primeiros minutos do pregón.

Pregón e chupinazo



21:00 h



Praza
Maior



Ricardo Marini encargárase de ler o pregón das Festas. Dende hai case catro décadas exerceu como pediatra, atendendo a varias xeracións de familias da comarca. Ao seu remate, o Chupinazo dará comezo ás Festas do Cristo de 2026.

La Última Legión



23:00 h



Campo
da Festa



La Última Legión é un grupo leonés fundado no 2007 por Álex González. Na primeira noite das Festas os seus componentes (todos grandes profesionais) subirán ao escenario para ofrecernos un animado tributo ao pop rock de todos os tempos. *Cien Gaviotas*, *Mediterráneo*, *Ni tú ni nadie* e personalísimas versións de *María la portuguesa* ou *Mi gran noche* son só algúns exemplos dos temas que integran o seu repertorio.



Sábado 12 de setembro

Campionato de Petanca "Festas do Cristo"



Mañá
Tarde



Pistas
do Chao

Durante todo o día dende as 9 h, nas pistas de petanca do Chao.

Organiza Club Petanca Valdeorras.

Festa das Pandillas



12:00 h



Praia fluvial
do Malecón

12:00 horas. Recepción das pandillas/acreditacións (Require inscrición previa na web do Concello ou no Departamento de Cultura. Teatro Lauro Olmo).

13:00 horas. Concerto sesión vermú Festa das Pandillas co grupo valdeorrés **El Patio de Leni**



Esta banda barquense formada por seis músicos chega para encher de enerxía, ritmo e nostalgia a festa. Cun directo potente que inclúe teclados, batería, saxofón e guitarras, o grupo versiona os grandes clásicos en castelán que todos sabemos de memoria. Un espectáculo interxeracional, vibrante e pensado para que ninguén pare de cantar e bailar dende a primeira ata a última canción. Con eles, a festa está asegurada!

14:00 horas. Pinchada Popular (require inscrición e pago de entrada: 12€)

15:30 horas. Concerto sobremesa **El Patio de Leni**

6º Descenso Popular do Sil +Deporte La Región



16:30 h



Sobradelo

Para aquelas persoas que queiran participar no Descenso popular do Sil facendo o percorrido nas súas propias embarcacións (lanchas, kaiaks, etc). **Inscricións e aluguer de embarcacións** a través da web:

www.descensointernacionaldosil.com

58º Descenso Internacional do Sil



18:00 h



Sobradelo
ó Barco

Durante a baixada das piraguas (18:00 a 19:30 h.) a animación estará a cargo dun **DJ** na zona do Cachón - Casas Baratas.

Tren Fluvial de balde, saída da estación de tren do Barco ás 17:30 h. A charanga **Achicoria** animará o descenso. Entrega de premios no Malecón a partir das 20:30 h.



Fútbol: CD Barco



19:30 h



Campo de
Calabagueiros

Partido da segunda xornada da liga de fútbol de terceira división, CD Barco - Silva SD, no campo de Calabagueiros.

Orquestra El Combo Dominicano



21:00 h
00:00 h



Campo
da Festa

El Combo Dominicano é unha das orquestras de música latina máis populares do noso país. Cunha traxectoria de máis de tres décadas, destaca pola súa enerxía no escenario, a súa constante evolución, a calidade dos seus músicos e un repertorio que fará bailar o público a ritmo de cumbia, salsa, merengue ou bachata.

Concerto de Xoel López



22:30 h



Campo
da Festa

Xoel López (A Coruña, 1977) é un cantante, compositor e músico galego, considerado unha das figuras máis relevantes da música independente en España. Iniciou a súa traxectoria coa banda Elephant Band e acadou un gran recoñecemento co proxecto Deluxe. Desde 2012 desenvolve a súa carreira co seu propio nome, consolidando un universo sonoro persoal no que conflúen o pop, o rock, o folk e as influencias da música de raíz iberoamericana. As súas cancións destacan pola calidade literaria das letras, a sensibilidade artística e unha constante vontade de exploración musical. En 2026 publicou *Oniria Popular*, o seu décimo sétimo álbum de estudo, un traballo que afonda nun universo íntimo e onírico, combinando melodías actuais con ecos da tradición popular e confirmando, unha vez máis, a súa madurez creativa e a súa liberdade artística. temas que integran o seu repertorio.

Sesións DJ's



01:30 h



Campo
da Festa

Quen mellor que o talento local para saber o que nos gusta? Éxitos de hoxe e onte que farán vibrar a todas as persoas que nunca queren que a festa remate.





Domingo 13 de setembro

Grupo de música tradicional Os do venres



12:00 h



Rúas
do Barco

Percorrerán as rúas do Barco animándonos a seguir gozando da festa.

38° Milla Urbana do Barco



17:00 h



Zona
do Malecón



Para todas as categorías dende biberóns ata veteranos/as. Organiza Concello do Barco.

Orquestra Capitol



20:30 h
23:30 h



Campo
da Festa



A **Orquestra Capitol** é unha das formacións máis veteranas da verbena galega. Fundada en 1986 en Santiago de Compostela, leva case catro décadas levando música en directo ás festas populares, especialmente en Galicia. Destaca pola súa calidade musical, un repertorio moi amplo que combina clásicos de baile e éxitos actuais e un espectáculo pensado para públicos de todas as idades.

Orquestra América de Vigo



22:00 h
01:00 h



Campo
da Festa



A Orquestra América de Vigo é unha das formacións de verbena máis emblemáticas de Galicia. Fundada en **1976**, caracterízase por un estilo propio baseado principalmente no **rock e no pop**, afastándose do repertorio máis tradicional doutras orquestras. Ao longo de case cinco décadas de traxectoria, consolidouse pola calidade das súas interpretacións, a potencia do directo e un amplo repertorio que abrangue desde clásicos de artistas como Queen, AC/DC ou The Beatles ata éxitos actuais, sempre con arranxos propios.

A súa profesionalidade e personalidade convertérona nun referente das festas populares galegas, realizando cada tempada máis dun cento de actuacións e mantendo unha fiel comunidade de seguidores.



Luns 14 de setembro | Día do Cristo

32º Madrugón



08:00 h



Río Sil

Tradicional baixada a nado do río Sil. Saída dende A Capitana (subindo pola Rúa Real) ata O Malecón. Non precisa inscrición.

Agrupación tradicional Abertal coas Calantornias



11:30 h



Rúas do Barco



As Calantornias percorrerán as rúas do Barco acompañadas polos cabezudos e os integrantes da agrupación de música tradicional Abertal.

Procesión e misa do Cristo



12:00 h



Praza Maior



Procesión coa imaxe do Xesús Nazareno acompañado pola agrupación tradicional "Os do venres" e posterior misa solemne.

Concerto da Banda de Música Ciudad de Ponferrada



18:30 h



Malecón Vello

A Banda de Música Ciudad de Ponferrada repite este ano no tradicional concerto do Día do Cristo.

Orquestra Panorama City



19:45 h



Campo da Festa



A Orquestra Panorama City é un proxecto creado pola orquestra Panorama para ampliar a súa presenza nas festas populares. Mantén o estilo e a esencia da Panorama, cun espectáculo dinámico e variado.

Espectáculo pirotécnico



23:00 h



Paseo do Malecón



Un dos imprescindibles das Festas do Cristo, a tradicional sesión de fogos artificiais disparados por Pirotecnia Penide.

Martes 15 de setembro

Día do neno e da nena



19:00 h



Rúas
do Barco



Día do neno e da nena, prezos especiais nas atraccións.



O Concello do Barco
deséxavos Boas Festas!

HORARIO DE BOMBAS

5 ao 13 de setembro

Novena ás 19:30 h

Venres 11 de setembro

Chupinazo: aproximadamente ás 22:00 h, inicio de verbena: 22:45 h.

Sábado 12 de setembro

Bombas alborada: 11:00 h, Descenso: 18:15 h e 18:30 h,
inicio da orquestra de tarde: 20:45 h

Domingo 13 de setembro

Bombas alborada 11:00 h, inicio da orquestra á tarde: 20:00 h

Luns 14 de setembro

Madrugón: 08:00 h a 08:20 h (3 tiradas), Inicio da festa: 11:00 h, Procesión: 12:00 h,
Remate da procesión: 12:30 h, Inicio da orquestra: 20:45 h,
Espectáculo pirotécnico: 22:45 h (aviso) e 23:00 h a 23:23 h (tirada continuada)

HORA SILENCIOSA

Durante os días de festa, as atraccións terán de 19:00 a 20:00 horas o son apagado para permitir o acceso ao recinto da festa a aquelas persoas con hipersensibilidade sensorial ou autismo.



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS



XUNTA
DE GALICIA